

**TÍTULO PRIMEIRO**

DISPOSICIÓN XERAIS.

**TÍTULO SEGUNDO**

OBXECTO DA FUNDACIÓN.

**TÍTULO TERCEIRO**

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS.

**TÍTULO CUARTO**

GOBERNO DA FUNDACIÓN

**TÍTULO QUINTO**

RÉXIME ECONÓMICO

**TÍTULO SEXTO**

DOS MEMBROS PROTECTORES E COLABORADORES DA FUNDACIÓN

**TÍTULO SÉTIMO**

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN

CLÁUSULA ADICIONAL

## **TÍTULO PRIMEIRO**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E NATUREZA**

Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española e de acordo co artigo 27-26º do Estatuto de Autonomía para Galicia, coa denominación de FUNDACIÓN ESCULTOR PEDRO DOBAO, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización das fins de interese xeral propios da institución.

#### **ARTIGO 2.- PERSONALIDADE XURÍDICA**

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e poderá en consecuencia realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

#### **ARTIGO 3.- RÉXIME.**

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o padroado, e en todo caso, pala Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego; polo decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamé se rexerá polas disposicións que lle sexan de aplicación da Lei 50/2002, do 26 de decembro de 2002 de Fundacións; pola Lei 49/2002 de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

#### **ARTIGO 4.- DOMICILIO**

O domicilio da Fundación radicará en Vigo, en Camiño da Pomba, 31, A Garrida- Valadares.

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria que haberá de inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ARTIGO 5.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN**

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das actuacións que para o cumprimento do fin fundacional sexan realizadas fóra desta Comunidade. En relación co ámbito persoal ou sector de poboación atendida, a actuación da Fundación circunscríbese ás persoas naturais e xurídicas que participen

de actividades relacionadas co obxecto da Fundación.

## **TÍTULO SEGUNDO**

OBXECTO DA FUNDACIÓN.

### **ARTIGO 6.- FINS**

A Fundación ESCULTOR PEDRO DOBAO, ao tratarse dunha entidade sociocultural, ten como obxectivo fundamental o fomento, desenvolvemento e apoio á cultura en todas as súas formas e expresións, que sexan de interese para Galicia.

Nun nivel máis concreto a Fundación establece os seguintes fins:

- O mantemento, difusión e conservación da obra de Pedro Dobao.
- Xestión e tramitación da obra Dobao e de todas aquelas obras de artistas noveis que utilicen a Fundación para a súa promoción.

Para a consecución dos ditos fins levaranse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- A formación en Artes Plásticas, en particular no referido á Escultura, mediante xornadas, charlas, cursos ou conferencias.
- A promoción de artistas noveis e a difusión da súa obra.
- A edición de catálogos e publicacións varias en sintonía cos fins anteriores.
- O establecemento de relacións coas institucións para a difusión, promoción e sostemento da obra de Pedro Dobao.

O Padroado terá plena liberdade para determinar a actividade da Fundación, dentro dos seus fins, naqueles obxectivos concretos que, a xuízo do Padroado, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

## **TÍTULO TERCEIRO**

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

### **ARTIGO 7.- DESTINO DE RENDAS E INGRESOS**

1.- Á realización dos fins fundacións deberá ser destinado, polo menos, o 70% dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, calculados de conformidade co disposto na lexislación vixente, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou as reservas segundo acordo adoptado polo Padroado.

2.- Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

3.- O prazo para o cumprimento desta obrigaición será a partir do momento da súa obtención e dentro dos catro exercicios económicos seguintes.

4.- Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada pola lexislación

vixente.

#### **ARTIGO 8.- BENEFICIARIOS DA FUNDACIÓN**

Serán beneficiarios da Fundación as persoas físicas e xurídicas, sen discriminación ningunha, relacionadas cos fins recollidos no artigo 6 destes estatutos e que reúnan as condicións fixadas polo Padroado.

A determinación dos beneficiarios realizarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e de non discriminación.

#### **TÍTULO CUARTO**

##### **GOBERNO DA FUNDACIÓN**

#### **ARTIGO 9.- NATUREZA E COMPOSICIÓN DO PADROADO**

O Padroado é un órgano de goberno, representación e administración da Fundación, de carácter colexiado, que executará as funcións que lle corresponde con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes e Estatutos.

O cargo de Padroeiro é gratuíto. Os padroeiros non poderán, en ningún caso, percibir retribución polo desempeño da súa función, pero terán dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o exercicio do seu cargo lles ocasione.

Agás que a persoa fundadora dispuxese o contrario, o Padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles membros do Padroado que lle presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das súas funcións como membros do Padroado. Chegado o caso, deberá informarse diso ao Protectorado no prazo máximo dun mes.

Os padroeiros exercerán o seu cargo e as facultades a el inherentes con independencia, sen trabas nin limitacións, debendo observar a dilixencia dun representante leal.

Do mesmo modo pódese nomear pola fundación presidente ou presidentes de honra da fundación que pola súa traxectoria persoal ou profesional sexan de axuda para os intereses da fundación, e sempre que o aprobe o padroado da fundación a instancias do presidente da mesma. Os mesmos poderán asistir as reunións convocadas polo padroado da fundación con voz pero sen voto.

O número de padroeiros poderá ampliarse con padroeiros adheridos sempre que sexan aceptados polo Padroado nas condicións que este estime convenientes.

Os membros do Padroado nomeados son de carácter vitalicio serán os seguintes:

- **Pedro Dobao Rodríguez.**
- **Francisco Xavier Dobao Fernández.**
- **Francisca Fernández Rodríguez.**
- **Pedro Pablo Dobao Fernández**

Estatutos

Completan o Padroado padroeiros electivos, persoas físicas ou xurídicas, designados polos membros vitalicios.

**ARTIGO 10.- DURACIÓN DO MANDATO**

Os padroeiros desempeñarán as súas funcións por períodos de catro anos, contados desde a data de constitución da Fundación, podendo ser reelixidos indefinidamente por períodos de igual duración.

**ARTIGO 11.- NOMEAMENTO E SUBSTITUCIÓN DE PADROEIROS**

O nomeamento de Patróns será competencia dos membros vitalicios, debendo adoptar o acordo por unanimidade.

Producida unha vacante, ou transcorrido ou período máximo de mandato dun membro non vitalicio, no prazo máximo de tres meses os membros vitalicios, por unanimidade, designarán as persoas para ocupar as vacantes correspondentes.

En defecto de nomeamento de substitutos polos membros vitalicios no prazo establecido de tres meses, corresponderán ao propio Padroado as designacións correspondentes. Neste suposto, o acordo para nomear os padroeiros deberá ser adoptado cos votos favorables de dous terzos dos seus asistentes, sempre que ademais supoña unha maioría absoluta dos seus membros. As substitucións ou novas designacións de patróns comunicaranse formalmente ao protectorado e inscribíranse no Rexistro de Fundacións.

**ARTIGO 12.- ACEPTACIÓN DO CARGO DE PADROEIRO**

Os patróns empezarán a exercer as súas funcións logo de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar na mesma carta fundacional, en escritura pública independente, en documento privado coas firmas lexitimadas por fedatario público, mediante comparecencia realizada para ese efecto no Rexistro de Fundacións de Interese Galego ou ante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo Secretario co visto e praxe do Presidente.

A aceptación comunicárase formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

**ARTIGO 13.- CESAMENTO DE PADROEIRO**

O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento da persoa física, así como por extinción da persoa xurídica que o designou.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido pola Lei
- c) Por decisión da Entidade que o elixiu ou por cesamento no cargo na Entidade en razón do cal foi nomeado o membro do Padroado.
- d) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade por actos mencionados no artigo 22.2 da Lei 12/2006 de 1 de decembro de fundacións de interese galego.
- e) Por renuncia, que poderá levar a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a súa aceptación.

f) Por cesamento acordado polo Padroado, previo procedemento contradictorio no que deberá oírse ao padroeiro afectado, debido a incumprimento dos requisitos e obrigacións que, para a súa designación, se recollen nos presentes estatutos e fosen tidos en conta polo propio Padroado, ou polo exercicio inadecuado, insuficiente ou desleal das funcións que lle fosen encomendadas ou delegadas.

A renuncia dun Padroeiro será efectiva desde o momento en que este llo notifique ao órgano de goberno da Fundación.

Os cesamentos dos membros do padroado inscribíranse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **ARTIGO 14.- O Presidente**

Ao Presidente correspóndelle representar á Fundación, salvo delegación expresa feita polo mesmo ou polo Padroado, no seu caso. Con independencia doutras funcións que lle outorgan os presentes estatutos, nos termos establecidos na lexislación vixente, a título meramente enunciativo, serán facultades do presidente:

- Exeracer a representación da fundación en xuízo e fóra del, sempre que o Padroado non a outorgara expresamente a outro dos seus membros.
- Acordar a convocatoria das reunións do Padroado e a fixación da orde do día.
- Presidir as reunións e dirixir e moderar o desenvolvemento dos debates, someter a votación os acordos e proclamar o resultado das votacións.
- Velar pola correcta execución dos acordos adoptados polo Padroado, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar toda clase de documentos necesarios para tal fin.
- Velar polo cumprimento da lei e dos estatutos.
- Visar as actas e certificacións dos acordos do padroado.
- Propór o nomeamento do Presidente de Honra (de habelo).

A Presidencia será ocupada por Pedro Dobao Rodríguez ata ou seu cesamento.

#### **ARTIGO 15.- O Vicepresidente**

O Padroado elixirá un Vicepresidente a proposta do Presidente. A duración do mandato será de catro anos, podendo ser reelixido.

Corresponderalle ao Vicepresidente:

- Substituír ao Presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade deste.
- Actuar en representación da Fundación naqueles supostos que así se determine por acordo do Padroado.

#### **ARTIGO 16.- O Secretario**

O Padroado elixirá un secretario a proposta do Presidente. A duración do mandato será de catro anos, podendo ser reelixido. Son funcións do secretario, entre outras:

- Efectuar a convocatoria das reunións do padroado por orde do presidente e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- Custodiar e manter a documentación da Fundación e reflectir debidamente no Libro de actas do Padroado o desenvolvemento das reunións.
- Expedir as certificacións e os informes que resulten necesarios.
- Todas aquelas que expresamente lle deleguen.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo Padroeiro que elixa o Padroado ao comezo da reunión.

#### **ARTIGO 17.- O Administrador**

O Padroado elixirá un Administrador a proposta do Presidente. A duración do mandato será de catro anos, podendo ser reelixido. Son funcións do Administrador levar os libros de contas e, en xeral, exercer a administración económica da Fundación.

O Administrador ten a facultade de facer os cobros e pagos, previa orde do Presidente e responde da contabilidade e dous seus xustificantes.

Previo acordo do Padroado, pode operar coa banca privada e oficial e coas caixas de aforro, realizando todas as actuacións que a lexislación e a práctica bancaria permite: manter, abrir, dispoñer e cancelar nas citadas institucións todo tipo de contas correntes, de aforro ou de crédito e asinar cheques e outros documentos, así como solicitar saldos e confirmalos ou imputalos.

Corresponderalle, tamén, preparar, en por si ou co correspondente asesoramento, cantos documentos de carácter económico deba formalizar a Fundación para remitir ou dar conta dos mesmos ao Protectorado.

#### **ARTIGO 18.- FACULTADES DO PADROADO**

Con independencia das funcións que lle atribúen estes Estatutos e sen prexuízo de solicitar, se fose o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, administración, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, no seu caso, adoptar acordos sobre a modificación dos mesmos, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación, podendo aprobar os acordos e/ou convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins.

d) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.

e) Acordar o exercicio das accións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da fundación.

f) Outorgar poderes xerais e especiais e revogalos.

g) Delegar as súas facultades nun ou máis dos seus membros, con funcións mancomunadas ou solidarias ou en comisións delegadas que actuarán colexiadamente, sen que poidan ser obxecto de delegación:

- A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- A adopción de acordos de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera outro acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.

#### **ARTIGO 19.- REUNIÓNS DO PADROADO E CONVOCATORIA**

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación.

As reunións do padroado serán convocadas polo seu secretario, por orde do presidente, ademais de nos supostos legalmente establecidos, sempre que este o estime necesario ou conveniente ou cando a solicite a terceira parte do número total dos membros do padroado. Neste caso, a solicitude de convocatoria dirixida ao presidente fará constar os asuntos que se vaian a tratar.

Na convocatoria recollerase o lugar, a data e a hora da reunión e a súa Orde do día. Remitiráselles de forma individual a todos os padroeiros con, polo menos cinco días naturais de antelación á data da súa celebración, ao domicilio designado por eles, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Os padroeiros que non poidan asistir poderán delegar o seu voto noutro membro do Padroado. En supostos excepcionais a convocatoria poderá realizarse con corenta e oito horas de antelación por un medio que permita deixar constancia.

No entanto o que antecede, entenderase convocado e quedará validamente constituída a reunión para tratar calquera asunto cando estando presentes a totalidade dos membros do padroado acepten por unanimidade a celebración da reunión.

#### **ARTIGO 20.- FORMA DE DELIBERAR E TOMAR ACORDOS**

As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados na forma que legalmente se estableza, polo menos a metade máis un dos seus membros.



## Estatutos

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes e será dirimente en caso de empate o voto do presidente.

Para a adopción de acordos de modificación dos estatutos, a fusión e a extinción da Fundación ou a disposición de bens a título gratuito, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos patróns asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta da totalidade do padroado.

En todo caso, respectaranse as maiorías cualificadas que poida esixir a lexislación vixente para a adopción de acordos relativos a calquera outros asuntos.

Calquer padroeiro poderá delegar con carácter previo a reunión o voto no presidente ou outro padroeiro de maneira expresa por escrito, no que no seu caso figure a reunión para a cal faise a delegación e a persoa a cal faise, salvo claro é aquelas materias que legalmente o voto sexa indelegable.

O patrón absterase de exercer o dereito de voto cando se trate de adoptar un acordo polo que:

-Se estableza unha relación contractual entre a fundación e o patrón, o seu representante, os seus familiares ata o cuarto grao inclusive, ou o seu cónxuxe ou persoa ligada con análoga relación de afectividade.

-Se fixe unha retribución polos seus servizos prestados á fundación distintos dos que implica o desempeño das funcións que lle corresponden como membro do padroado.

- Se estableza a acción de responsabilidade contra el.

Das reunións do Padroado levantará acta o secretario, que deberá ser subscrita e aprobada por todos os membros presentes nela. Esta se transcribirá ao correspondente Libro e será asinada polo Secretario co visto e praxe do presidente.

### **ARTIGO 21.- ACTAS DAS SESIÓNS DO PADROADO**

1. A Fundación deberá levar un Libro de Actas no que constarán todas as aprobadas polo Padroado.
2. De cada sesión que celebre o Padroado o Secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, presentes ou representados, a Orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións se o solicitasen os patróns, así como o contido dos acordos adoptados. As Actas serán asinadas en todas as súas follas polo Secretario do Padroado, co visto e praxe do Presidente.
3. Na acta poderá figurar, a solicitude de cada Padroeiro, o voto contrario ou favorable ao acordo adoptado ou a súa abstención, así como a xustificación do sentido do seu voto. Así mesmo, os padroeiros teñen dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que acheguen no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, que se fará constar

## Estatutos

no acta ou se unirá unha copia a esta. Tamén poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; no entanto, o Secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade a aprobación da acta se fará constar expresamente tal circunstancia.

#### **ARTIGO 22.- DEREITOS E DEBERES DO MEMBROS DO PADROADO**

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa Orde do día e asistir ás xuntas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

É deber dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás Xuntas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para ser coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

#### **ARTIGO 23.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS PADROEIROS**

Os padroeiros deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os padroeiros responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á Lei ou aos Estatutos ou polos actos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade quen voten en contra do acordo e quen proben que, non habendo intervido na súa adopción e execución, descoñezan a existencia do mesmo ou, coñecéndoo, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, opuxéronse expresamente a aquel.

#### **ARTIGO 23 bis.- DA COMISION EXECUTIVA.**

O Padroado elixirá, de entre os seus membros, unha Comisión Executiva que asumirá todas as funcións encomendadas ó mesmo, excepto aquelas que, a tenor do artigo 18 de estes estatutos, non sexan delegables. En particular, deberá:

1. Propor novas actividades e iniciativas ó padroado.

2. Asumir a execución dos acordos do Padroado.

Dita Comisión Executiva, que actuará por delegación do Patronato, estará composta por un número de membros non superior a catro, elixidos por voto unánime dos patróns. Do mesmo xeito designarase, no seno da Comisión, un Presidente, que dirixirá as reunións, e un Secretario, que as convocará e levantará as actas correspondentes, expedindo as certificacións que foran necesarias. Os membros desta Comisión actuarán de forma mancomunada, a no ser que exista delegación expresa e específica de carácter solidario, aplicándose para a adopción dos seus acordos o previsto no artigo 20 destes Estatutos. A designación dos membros da Comisión Executiva, con especificación das persoas que ostenten os cargos de Presidente e Secretario, e súa aceptación, faranse constar por certificación do Padroado, e comunicaranse ó Protectorado para súa constancia no Rexistro de Fundacións.

#### **ARTIGO 24.- CONSELLOS ASESORES**

O Padroado poderá crear consellos asesores ou de estudo, así como outros órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais. A constitución destes órganos deberá notificarse ao Protectorado e inscribirse no Rexistro de Fundacións.

#### **ARTIGO 25.- O XERENTE DA FUNDACIÓN**

Dentro dos límites establecidos na normativa vixente, o Padroado poderá acordar a contratación dun director xerente con competencias na xestión ordinaria e administración da Fundación baixo a dependencia do Padroado.

O cargo de director xerente poderá ser desempeñado por unha persoa física ou xurídica, pero sempre con solvencia técnica acreditada respecto diso e coa remuneración axustada ás funcións desempeñadas. Serán funcións da dirección - xerencia as que designe o padroado, e, entre outras, as seguintes:

1. Elaborar o plan de actividades, orzamentos e programación.  
Preparar, estudar e executar os acordos aprobados polo Padroado e os mandados da Presidencia.
2. Asistir ás sesións do padroado con voz pero sen voto.
3. Redactar o cadro orgánico do persoal de toda clase da Fundación, propor a contratación e despedimento do persoal laboral, exercer a xefatura inmediata de todo o persoal e servizos administrativos da fundación.
4. Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme as directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación.
5. Velar polo mantemento xeral das instalacións e equipamentos da Fundación.
6. Ordenar os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado, previa autorización asinada polo Administrador da Fundación.
7. Previa delegación expresa do Padroado e por encomenda da Comisión Executiva poderá subscribir os convenios, concertos e contratos con entidades públicas, privadas ou particulares que sexan necesarios para desenvolver os obxectivos da Fundación nos termos establecidos pola lexislación vixente e nos presentes Estatutos.

## Estatutos

8. Todas aquelas tarefas que o padroado lle encomende e cantas competencias lle sexan delegadas por este de forma expresa ou todas aquelas que, sendo necesarias para a máis eficaz dirección e administración da Fundación, non lles estean reservadas a outros órganos.

## **TÍTULO QUINTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **ARTIGO 26.- PATRIMONIO DA FUNDACIÓN**

O patrimonio da fundación estará integrado por todos os bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica, que constitúen a dotación inicial da Fundación establecida na Carta Fundacional, e por aqueles outros que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse nos rexistros correspondentes.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos Rexistros públicos correspondentes.

#### **ARTIGO 27.- DOTACIÓN DA FUNDACIÓN**

A dotación da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación e por aqueles outros que en diante se acheguen á mesma con ese carácter.

A Fundación poderá fai delegación das facultades de garda ou custodia do fondo patrimonial da fundación na figura do seu presidente, ou persoas que formen parte do padroado, para o que adoptarán decisión o respecto maioritaria, indicando nominativamente en quen o quenes faise a delegación.

#### **ARTIGO 28.- ADMINISTRACIÓN E DISPOSICIÓN DO PATRIMONIO**

A administración e disposición do patrimonio da Fundación correspóndelle ao Padroado da Fundación e farase con arranxo ao estipulado nos presentes Estatutos e con suxeición ao establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro de Fundacións de Interese Galego e demais disposicións aplicables.

#### **ARTIGO 29. ADSCRICIÓN DO PATRIMONIO FUNDACIONAL**

Os bens e rendas da Fundación entenderanse afectos e adscritos dun xeito inmediato á realización dos obxectivos da Fundación de acordo coas disposicións legais vixentes.

#### **ARTIGO 30.- DO FINANCIAMENTO**

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase por calquera medio lícito e, especialmente, cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fose

### Estatutos

necesario, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas e legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas; así como cos créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios á vontade fundacional.
- c) Non impliquen unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

#### **ARTIGO 31.- EJERCICIO ECONÓMICO**

O exercicio económico será anual e coincidirá co ano natural, coa única excepción do día da iniciación do primeiro exercicio, que coincidirá co día da inscrición da Fundación.

#### **ARTIGO 32.- RÉXIME FINANCEIRO**

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo aos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, para o que elaborará un Libro diario e un Libro de inventarios e Contas anuais.

#### **ARTIGO 33.- CONFECCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DA FUNDACIÓN E PRESENTACIÓN DE CONTAS ANUAIS**

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

O Padroado elaborará, aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio económico, un Plan de Actuación no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevegan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.

O Plan de Actuación presentarase ao Protectorado acompañado de certificación emitida polo secretario acreditativa da súa aprobación por parte do Padroado.

O Padroado formulará as Contas anuais, que deberán ser aprobadas polo Padroado dentro do prazo de seis meses seguintes á data de peche do exercicio ao que as mesmas se refiren e presentaranse ante o Protectorado no prazo dos vinte días hábiles seguintes á data da súa aprobación, acompañadas de certificación do Secretario acreditativa da súa aprobación, para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As Contas anuais, que comprenden o Balance de situación, a Conta de resultados e a Memoria,

## Estatutos

forman unha unidade e deberán ser redactados con claridade, mostrando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

Se a Fundación se atopa dentro dos requisitos legais establecidos, as Contas anuais someteranse a auditoría externa, remitindo ao Protectorado o informe da mesma xunto coas Contas anuais.

## **TÍTULO SEXTO**

### DOS MEMBROS PROTECTORES E COLABORADORES DA FUNDACIÓN

#### **ARTIGO 34.- MEMBROS COLABORADORES**

A Fundación, na súa intención de achegar os seus fins ás realidades cidadá e empresarial de Vigo e a súa área de influencia establecerá a figura de “Membro Colaborador” para aquelas persoas, xa sexan físicas ou xurídicas, que queiran colaborar cos fins fundacionais cunha achega económica de carácter anual.

#### **ARTIGO 35.- MEMBROS PROTECTORES**

A Fundación, na súa intención de achegar os seus fins ás realidades cidadá e empresarial de Vigo e a súa área de influencia establecerá a figura de “Membro Protector” para aquelas persoas, xa sexan físicas ou xurídicas, que queiran colaborar dun modo especial e comprometido cos fins fundacionais cunha achega económica de carácter mensual.

## **TÍTULO SÉPTIMO**

### DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN

#### **ARTIGO 36.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes Estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente. Procederá a modificación dos Estatutos cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación varíen de tal forma que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo padroado deberá ser formalizada en escritura pública, comunicada ao Protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **ARTIGO 37.- FUSIÓN CON OUTRA FUNDACIÓN**

A Fundación poderá fusionarse con outra ou outras, previo acordo dos respectivos Padroados. O acordo de fusión deberá ser aprobado polo voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. O acordo de fusión terá que ser comunicado ao Protectorado con anterioridade ao outorgamento da

escritura pública e posteriormente inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **ARTIGO 38.- EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN**

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

No caso de extinción da Fundación e de acordo coa lexislación vixente dispónse o seguinte: “O legado da obra escultórica da fundación realizada polo fundador e autor da obra, co acordo da maioría do padroado; pasa a ser propiedade do autor. En caso de falecemento do autor, pasaría os herdeiros lexítimos.”

#### **ARTIGO 39.- LIQUIDACIÓN E ADXUDICACIÓN**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado e de conformidade coa lexislación vixente.

Os bens e dereitos resultantes da disolución e liquidación da Fundación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas públicas ou privadas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens (ata para o suposto da súa disolución) á consecución daqueles debendo tratarse de entidades beneficiarias do mecenado aos efectos do previsto nos artigos 16 a 25 da Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL**

En todo caso, o previsto nos presentes Estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.